

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 25 DE XUÑO DE 2018

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e cinco de xuño de dous mil dezaoto, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas e trinta minutos, dando comezo ás vinte horas e trinta e seis minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo.

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

**Grupo municipal de Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Non adscritas/o:** Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D. Víctor López Mateo.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias –incorpórase á sesión no punto 6 da orde do día-  
**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Baños Campo, que dá fe do acto.

Non asiste Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez (non adscrita).

O Sr. Alcalde abre a sesión, refírese á entrega que se fai do libro “Os Eidos” de Uxío Novoneyra, editado na “Biblioteca de Mesopotamia”, e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

### 1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 28 DE MAIO DE 2018.

Detectado erro no borrador remitido coa convocatoria –por observación feita ao respecto por Dna. Purificación Argiz- na votación do punto 9.A) da orde do día –erro recoñecido polo Sr. Secretario tras consultar as súas notas- procédese a corrixilo (\*). Sometido a votación con esa corrección, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 28 de maio de 2018.

(\*) Onde di na MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A ESIXENCIA DE CUMPRIMENTO DO CONTRATO DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO, Á EMPRESA AQUALIA, “o Pleno da Corporación, por dez votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista),”

Debe dicir “o Pleno da Corporación, por dez votos a favor (Grupos do PP, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o) e seis votos en contra (Grupo Socialista),”

**2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datadas das Resolucións das que se dá conta: 23.05.2018 a 19.06.2018.**

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 23 de maio de 2018 e o 19 de xuño de 2018.

**PARTE RESOLUTIVA**

**3. DETERMINACIÓN DA CANTIDADE GLOBAL ORZAMENTARIA DESTINADA Á ASIGNACIÓN DE GRATIFICACIÓNS AOS FUNCIONARIOS DA POLICÍA LOCAL.**

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame, acórdase o seguinte:

“Visto o informe de Intervención sobre a necesidade de dispoñer de máis crédito sobre o inicial orzamentado para gratificacións dos funcionarios da Policía Local, cifrándose esa necesidade nun incremento de 20.742,42 € sobre o previsto no orzamento en vigor para o exercicio de 2018.

O art. 6º do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local, di que lle *“corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de gratificacións aos funcionarios”*, aínda que despois sexa outro órgano municipal o que aprobe a asignación concreta de gratificacións.

A cantidade total do orzamento de 2018 para gratificacións por horas extraordinarias da Policía Local ascende a 20.000,00 €. Un incremento dela en 20.742,42 €, levaríaa ata un importe de 40.742,42 €.

O informe de Intervención remata coa consideración de que se poida chegar en gratificacións ata o importe que se determine sen un expediente de modificación de créditos que lle corresponda aprobar ao Pleno, de non ser este necesario.

En consecuencia, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

**ACORDO**

Determinar como cantidade global orzamentaria destinada á asignación de gratificacións aos funcionarios da Policía Local do Concello de Monforte de Lemos, a de CORENTA MIL SETECENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS DE EURO (40.742,42 €), cantidade que se pode obter por bolsa de vinculación de créditos ou por transferencia de créditos que non requira aprobación plenaria.”

(Non houbo intervencións neste asunto).

**4. POSTA AO DÍA –EN EUROS E CON APLICACIÓN DO IPC- DAS CONTÍAS DAS SANCIONS DO ARTIGO 47 DO PREGO DE CONDICIÓNS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.**

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co seguinte punto da orde do día, acórdase o seguinte:

“Vistos os informes de Secretaría do 18/05/2018 e do 18/06/2018 en relación con este asunto, e cos argumentos que neles constan,

O Pleno municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

**ACORDO**

Revisar a contía das sancións do artigo 47 do prego de condicións do contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga, segundo o previsto no último parágrafo de dito artigo, co seguinte resultado:

Contías iniciais en pts.	Contías iniciais en euros	Contías en euros a xullo de 2017 aplicables tras este acordo
1.500.000	9.015,18	12.431,16
1.000.000	6.010,12	8.287,44
750.000	4.507,59	6.215,58
500.000	3.005,06	4.143,72
50.000	300,50	414,36
10.000	60,10	82,87
5.000	30,05	41,44

No debate conxunto deste asunto e do seguinte, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, representante substituta das/do non adscritas/o, que desculpa a ausencia de Dna. Pilar López por motivos persoais/profesionais. Houbo un erro involuntario no prego de condicións, que produce que non haxa unha determinada sanción. De acordo con resolvelo, máis que unha modificación, é corrixir un erro por omisión involuntaria. É correcto que se faga isto e que a partir de agora sexa sancionable. O artigo 48 do prego de condicións está referido ao rescate da concesión, iso non está impedido, é un tema diferente á corrección do artigo 47. En principio, a favor.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que xa houbo palabras sobre isto no Pleno anterior. Espero a ver se hai algo novidoso.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que amosa satisfacción por terse reconducido isto non como modificación, senón por un lado como algo matemático –o do IPC-, e por outro, en relación con erros varios, se formule agora como interpretación do contrato, que é corrixir un erro. O artigo 48 si prevé para a infracción o rescate ou a resolución do contrato, pero é evidente que



CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS

falta incluíla entre as sancións do artigo 47. Imos votar a favor da actualización das sancións. En canto ao outro, non consideramos adecuado que se prevexa introducir como sanción a de menor contía, ponse ao nivel de cousas mínimas, e non debería ser das menores, senón das máis graves. Se non se pon maior contía, optamos pola abstención.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que xa se debateu isto no pasado Pleno. Felicítanos por tomar medidas entre todos para ir dando luz no contrato de Aqualia. Favoreceremos o que vaia nese sentido.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que lle deixa sorte nos exames á Concelleira Pilar López. Agradecer en xeral o apoio, a todo ou a case todo. Por un lado está o IPC; por outro, omisións a corrixir.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que a infracción é unha interrupción do servizo, ten entidade para unha sanción de maior contía. De aí, a nosa abstención. (O Sr. Alcalde di que xa se verá cando se dea o suposto).

## **5. INTERPRETACIÓN PARA CORRECCIÓN DE OMISIONS E ERROS DO ARTIGO 47 DO PREGO DE CONDICIÓNS DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.**

Polo Sr. Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto anterior da orde do día, acórdase o seguinte:

“Vistos os informes de Secretaría do 18/05/2018 e do 18/06/2018 en relación con este asunto, e cos argumentos que neles constan,

En base á interpretación que á Corporación municipal lle corresponde segundo o previsto no artigo 46 do prego de condicións do contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga,

O Pleno municipal, por dez votos a favor (Grupos Socialista e do BNG e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupos do PP e de Esperta Monforte), adopta o seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** As infraccións de carácter grave c), n), ñ) e o) do apartado 2 do artigo 47 do contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga, serán sancionables tras este acordo coa contía mínima prevista no apartado 4 de dito artigo 47: 4.143,72 € trala posta ao día -referida a xullo de 2017- de dita contía.

**SEGUNDO.-** No segundo parágrafo do apartado 7 do artigo 47 do contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga, o suposto 47.3.f) é por coherencia o 47.3.e) e sobra por inexistente o 47.3.h).”

**6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA SOLICITAR A INTERVENCIÓN DO CONCELLO NO ARRANXO DAS PISTAS FORESTAIS DERRAMADAS NA RETIRADA DA MADEIRA NAS PARROQUIAS DE CHAVAGA, BASCÓS E SINDRÁN.**

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase D.Manuel Jesús López Sánchez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cun engadido tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

O pasado outono sufrimos a desgraza dunha fin de semana con moitos lumes que ocasionaron a queima de gran cantidade de árbores nas Parroquias de Bascós e Chavaga.

Como é lóxico os propietarios da madeira tiveron que proceder a súa venta, parece que as empresas compradoras lles corre presa facer o corte e a retirada da madeira por fins económicos, sin. ter en conta que o terreo por onde tiñan que pasar estaba completamente mollado.

O resultado e o esnaquizo de múltiples pistas.

O dano máis importante ocorreu en Chavaga, alí podemos atopar a modo de exemplo:

-Monteixón na saída a Repil

-Foncirixa

-Meixide

-Cutarelo...etc. Pero tamén a pista na Ponte da vía, onde tiraron o muro e continúa con evidente perigo de desprendemento Foto 1 .

Polo que fai referencia a Parroquia de Bascós:

-Sante

-A cha.

-Camiño da serra que leva a unha charca moi grande que en caso de incendio serve de abastecemento de auga, así como o camiño polo que era frecuente ver grupos de persoas facendo rutas en bicicletas . Foto 3,4e 5.

Polo que respecta a Parroquia de Sindrán, retirouse madeira verde, pero as pistas están igualmente danadas:

- desde Rozabales a Outeiro da Portela, nos lugares de Susao e Covos

- entre O Chao e a estrada que leva a Rozavales- Sta Mariña -Igrexa de Sindrán.

Os lugares destacados son só un exemplo da situación, compre reunirse cos veciños e elaborar un mapa do total dos danos.

Somos coñecedores que isto non é responsabilidade directa do Concello, pero o problema téñeno os veciños, entendemos se debe intervir diante de quen corresponda para solucionalo.

Damos por feito que as empresas madeireiras teñen solicitado o pertinente permiso de corte, pero ninguén controla nin regula cando se pode facer a retirada para non causar danos innecesarios que dificultan a vida das persoas que non poden utilizar estes camiños de servidume das súas propiedades.

Todos sabemos que os camiños usados para a retirada da madeira exceden a tonelaxe permitida nas pistas asfaltadas, isto foi o caso de Chavaga (foto2). Agora quen repara os danos?

O Pleno municipal, por dez votos a favor (Grupos de Esperta Monforte, do BNG e do PP e concelleiras/o non adscritas/o) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

### ACORDO

1) Instar o equipo de goberno a facer unha memoria dos danos ocasionados pola retirada da madeira nas Parroquias de Chavaga, Bascós e Sindrán.

2) Instar o equipo de goberno a reclamar a quen corresponda o arranxo das pistas danadas, así como do muro do ponte da vía de Chavaga.

3) Instar a medio ambiente a esixir as empresas madeireiras póliza de seguro que cubra os danos en caso de que se produzan.

4) Instar ao equipo de goberno a elaborar unha ordenanza reguladora das actividades extractivas da saca de madeira no Concello de Monforte”.

No debate conxunto deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que le a moción con algunha explicación adicional como que en Quiroga esíxense fianzas.

(O Grupo do PP reparte un escrito para engadir o que figura como punto 4 do acordo).

De Dna. Alicia Cadarso Palau, representante substituta das/do non adscritas/o, que di estar absolutamente de acordo en controlar este tipo de actividade. A saca de madeira produce estragos, hai que esixirlles a súa reparación ás empresas. De acordo en que se esixa unha fianza para os danos.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di sobre o punto anterior, que para o que se verá do Sr. Alcalde, é necesario unha maior contía. Sobre esta moción, non é a primeira vez que se debate. O anterior equipo de goberno trouxera, por petición deste Grupo, unha regulación para atallar isto. Requírese regulación. Non nos parecen mal os puntos propostos na moción, pero para o do punto 3 e facer como en Quiroga, cómpre precisamente a regulación. No mandato anterior intentouse, pero quedou pendente. Por iso, a emenda do punto 4 a engadir.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di estar de acordo con estas iniciativas. Non só son os camiños forestais os afectados, senón outras estradas, as asfaltadas, por exemplo, quedan deterioradas. De acordo, tanto coa moción como coa emenda.

De D. José Luis Losada Fernández, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que este goberno municipal coñece de primeira man o dos lumes nesas parroquias. A madeira cortouse coincidindo coa entrada do inverno, con deterioración dos camiños, os veciños trasladaron as queixas. Mandamos á Policía Local para que informase. Tan pronto tivemos queixas, mandamos identificar aos responsables. A día de hoxe, non rematou o traballo de sacar madeira. Miraremos os camiños municipais e o que proceda facer.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que acepta a emenda, o punto 3 está nesa liña. Visto o manifestado, eu non fixen crítica expresa ao equipo de goberno, actuou efectivamente a Policía Local. Sobre que non rematou a retirada da madeira, nalgúns lugares si rematou, con danos que dificultan o paso dos vehículos, aí hai que actuar xa.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, que di que con ordenanza ou sen ela, van votar a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o lóxico é a ordenanza, para esixir aos madeiristas algo que estea previsto.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á súa quenda).

De D. José Luis Losada Fernández, que di que se van abster. O goberno municipal está vixilante, e atento aos informes.

## **7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE PARA EXPRESAR O REXEITAMENTO AO FALLO DA SENTENZA XUDICIAL AO GRUPO DE VIOLADORES “A MANADA”.**

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

A noite do 7 de xullo de 2016, durante a celebración dos Sanfermíns en Pamplona, cinco homes (auto-proclamados como “La Manada”) violaron e vexaron a unha moza de 18 anos, furtando posteriormente o seu móbil para evitar que pedise axuda e deixándoa tirada nun portal.

Vinte meses despois, en novembro do 2017, comezou o xuízo perante a Audiencia de Navarra. Durante todo o proceso, por parte dos maxistrados e da defensa dos acusados, a vítima foi cuestionada, exposta, humillada e xulgada cos argumentos máis machistas.

Mesmo tentaron introducir como proba da inocencia dos agresores que a moza refixo a súa vida; porén, todas as probas (vídeos, testemuñas, conversas de whatsapp) facían evidente a premeditación e o comportamento delitivo dos membros de “La Manada”.

Catro meses tardarían en ditar sentenza. Finalmente, a resolución absolve aos acusados do delito de agresión sexual e condénaos a nove anos de prisión por un delito continuado de abuso sexual con prevalimento, recollido no artigo 181.3 CP. Así, os maxistrados, nunha rancia interpretación do Código Penal, consideran que non existiu intimidación, aínda que recoñecen que non houbo consentimento da vítima. As críticas e as mobilizacións, con toda a lexitimidade, atacaron o fallo, entendendo que a moza estaba manifestamente intimidada e sen capacidade algunha de defenderse, e visibilizando os prexuízos aos que se enfrontou no proceso, que non teñen cabida nun Estado de Dereito construído ao amparo da igualdade e da non discriminación. Ademais, aínda que o delito de violación sufriu grandes cambios nos últimos anos, a súa ampla marxe interpretativa deixou á agredida nas mans dunha discrecionalidade xudicial que, neste caso, errou de maneira evidente.

Por outra banda, é preocupante que, na nosa sociedade, teña cabida un voto particular como o emitido polo maxistrado Ricardo González, que absolve aos acusados de tódolos delitos ao considerar que non se apreza ningún tipo de violencia sexual.

Por todo isto, o Pleno do Concello, por once votos a favor (Grupos de Esperta Monforte, Socialista e do BNG e concelleiras/o non adscritas/o) e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

#### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Manifestar o seu rexeitamento á sentenza e á interpretación legal realizada polos maxistrados da Audiencia de Navarra, entendendo que si existiu intimidación e, polo tanto, unha violación que debe ser considerada agresión sexual, e non abuso, tal e como se establece nos artigos 178 e seguintes do Código Penal.

**SEGUNDO.-** Denunciar o feito de que as mulleres sigamos sendo dobremente vítimas: por parte dos agresores e por parte dunhas institucións nas que persiste a desigualdade de xénero e na criminalización das agredidas.

**TERCEIRO.-** Instar ao Goberno e ás Cortes a levar a cabo as políticas e iniciativas lexislativas precisas para equiparar normativamente a ausencia de consentimento á súa negativa no eido dos delitos contra a liberdade e a indemnidade sexuais.

**CUARTO.-** Introducir ou intensificar, nas políticas do noso Concello, a perspectiva de xénero para garantir un sistema máis xusto e democrático ás mulleres que residen nel.

**QUINTO.-** Instaurar medidas reais de empoderamento das mulleres en tódolos ámbitos, nomeadamente nas institucións; así como garantir instrumentos de concienciación social que sirvan para educar na igualdade e na liberdade das persoas coa fin de rematar coas violencias machistas.

**SEXTO.-** Instar ao Ministerio do interior a investigar, sancionar e esixir responsabilidades dos responsables da filtración dos datos da vítima.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que tiña esta moción contra o fallo da sentenza. As circunstancias acaecidas esta semana merecerían engadir algo. Explica as razóns da moción. No que acaba de suceder costa entender que xuíces que non permitían a liberdade provisional, cambiaran de opinión. En Monforte houbo concentración o mesmo día da liberdade provisional, non puiden estar, estiven de corazón. Le os puntos do acordo.



De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que as últimas noticias volven poñer en primeira fila esta moción. Cando se ía debater, estabamos en non compartir os criterios da sentenza. Hai opinións cualificadas como a de M<sup>a</sup> Emilia Casas, ou a de tres xuízas representativas que publicaron unha carta, e veño de ler o que di Gloria Poyatos, presidenta da Asociación de Mulleres Xuízas, que din o mesmo: algo pasa no noso país cando a xustiza pon sentenzas difíciles de comprender, parece que as normas e a sociedade van por camiños diferentes. Non se entende a liberdade agora outorgada. Hai tendencia á impunidad. Se hai que modificar a norma, ben está, pero hai que modificar a mentalidade de quen imparte xustiza, unha visión de xénero no Poder Xudicial. Non é só o 8-M e o movemento feminista, tamén os movementos internacionais poñen a lupa no Estado español, cun déficit no tratamento da igualdade.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que son feitos rexeitables por todos. Analizando o que temos que votar, de acordo cos puntos cuarto, quinto e sexto. Parécenos axeitada a declaración institucional habida no Parlamento de Galicia sobre separación de poderes e independencia do Poder Xudicial, acatamento de sentenzas, os tribunais expostos á opinión pública e o sentimento contrario a unha sentenza non firme e revisable. O Parlamento reafirmase na liberdade das mulleres e no compromiso dunha igualdade efectiva. Esa declaración é a que nós deberíamos subscribir, non estamos para poñer en tea de xuízo unha decisión xudicial, temos opinión pero unha certa prudencia respecto aos tres primeiros puntos do acordo da moción. Pareceríanos bo facer unha declaración coma a do Parlamento de Galicia. Non sendo así, ímonos abster, non debemos valorar xuízos ata que a sentenza sexa revisada.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que dá noxo falar destas cousas. Hai un mes parecía unha moción sen percorrido, hoxe está especialmente de actualidade. Houbo hoxe outra vítima de violencia de xénero. Todas estas medidas teñen o noso apoio, medidas a tomar ligadas ao orzamento necesario para levalas a cabo. Isto está tristemente de actualidade. A xustiza debe actualizarse, tamén no tocante ás penas. Como dixo a Sra. Vega, a imaxe que estamos dando no resto de Europa é lamentable.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que van votar a favor. Coincidimos coa postura do goberno da nación. Dende o elemental sentido común, a calificación dos feitos é máis que abuso. O sucedido é a maneira máis grave dun feito destas características. Por máis que hai que acatar as decisións dos tribunais, a posta en liberdade e errónea; se hai prisión provisional antes da condena con presunción de inocencia, máis agora cunha condena mesmo que non sexa firme.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di á portavoz do PP que non ten nada en contra da declaración institucional do Parlamento. Pero a moción é a que é e vostedes farán o que consideren oportuno. Dou por feito que terá a declaración do Parlamento o seu percorrido. Debemos ser respectuosos coas sentenzas, pero estamos de acordo coas críticas, na liña do goberno para iso. En Molins de Rei, houbo unha violación esta madrugada; estará ben acatar a sentenza que haxa, pero a situación é que, segundo información dos mossos d'esquadra, a rapaza mordeu a un dos violadores, haberá quen o interprete unha mordedura de desfrute. A proliferación destes feitos preocúpame.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, que di que estas violacións en grupo deben ser máis sancionables. O de Molins de Rei foi xa hai uns días. Reflexionemos sobre o noso Estado, os medios de comunicación e

demais. É conveniente un pacto de Estado para o que haxa que corrixir sobre normas e sobre criterios de interpretación. Esquecendo matices.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di sobre esquecer matices, que ela é concelleira, pode ter opinión pero non capacidade para dicir como decidir. A min prodúceme rexeitamento isto e outras cousas, como a doutrina Parot na que participou un xuíz posto por Zapatero. Pon exemplos de liberdade de violadores e asasinos. Na sentenza da manada e noutras, seguimos sen ser quen de dicir algo máis que unha opinión. Na prisión permanente revisable, votaron en contra e eran feitos execrables. A separación de poderes é algo a respectar, chegar e votar a favor é populista, rexeitámolo pero non somos quen de calificar xuridicamente. Nese sentido, a abstención.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que reitera o apoio á moción.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que non ten nada máis que dicir.

De Dna. Maribel García Díaz, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que lamenta as liberdades ás que se referiu, algúns reincidiron. Houbo unha lei que respectar. Non é comparable isto ao da prisión permanente revisable, nada que ver, é rexeitada por xente que sabe, que di que non é necesaria. Espero que este goberno e as súas ministras revisen o relativo aos delitos sexuais.

## **8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á LIMPEZA DO RÍO NA ZONA DA PINGUELA.**

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

O río Cabe é un dos nosos mellores activos en recursos medioambientais, presentando ademais un importante atractivo paisaxístico, polo que consideramos que é unha obriga, por parte das administracións competentes, realizar os traballos precisos para que este se atope nas mellores condicións posibles.

Dende que no 2016, a presa situada á altura do barrio da Pinguela, sufrira unha rotura, o aspecto que presenta o río nesta zona é deplorable, e mesmamente insalubre. A auga putrefacta, os mosquitos e mesmo roedores de gran tamaño, supoñen un perigo para a poboación en xeral e para os veciños de Carude e a Pinguela en particular.

Así mesmo, tamén a veciñanza e vixiantes de medio ambiente nos teñen alertado da existencia de especies animais exóticas invasoras, na devandita zona, que poñen en perigo ás especies autóctonas, existentes no noso río , algo que debido ó caudal que presenta o Cabe na actualidade, ditas especies teñen maior posibilidade de propagarse.

Porén, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

## ACORDO

Instar ó Goberno Municipal a que faga as xestións oportunas e se dirixa ó órgano competente nesta materia, para que este acondicione dito espazo, levando a cabo unha limpeza do río, e evitar así todos os problemas que poden surxir por tal situación.

Instar ó Goberno Municipal a que do mesmo xeito tome as medidas oportunas para paliar o problema da invasión das mencionadas especies.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción -con algunha explicación adicional- e os puntos do acordo.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que están totalmente de acordo co que se propón. Imos votar a favor.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que tamén vai votar a favor. Hai preocupación por esa zona do río. Hai cousas que son responsabilidade do Concello, pese ao dito polo Alcalde sobre a Confederación Hidrográfica.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que coinciden na preocupación. Temos feito xestións sobre problemas que se din. Ten que ver coa propia presa, sería bo que se mantivese, vinculada a algún proxecto. Imos apoiar a proposta, a limpeza e as medidas para paliar o das especies invasoras. Gustaríanos un proxecto dende o goberno municipal para manter a presa.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que comparten a preocupación sobre a situación do río Cabe. Xa o manifestamos ante a Confederación Hidrográfica. Temos pedido, con pouco éxito, manter a presa. Tamén pedimos o acondicionamento da contorna da lagoa. O PP dixo que non informamos, non é competencia do Concello. Seguiremos actuando ante a Confederación Hidrográfica.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que agradece o apoio a esta iniciativa. A presa forma parte da Rede Natura. Se a presa non se reconstrúe, buscar unha solución substitutiva; se se derruba, un proxecto alternativo e decidir os monfortinos e as monfortinas o que se vaia facer.

(Dna. Alicia Cadarso Palau e Dna. Maribel García Díaz renuncian á segunda quenda).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que non dixo que non se informase. Dixen que o Concello si informou á Confederación Hidrográfica, pero a presa só se pode manter ligada a un proxecto. Se non proxectan nada, hai que derrubala, iso é o que dixo a Confederación Hidrográfica. É importante mantela; se non, a lámina de auga baixa e afecta á lagoa. Teñen a oportunidade, porque a deron por perdida. Dixemos non o do informe, senón que non se presentou proxecto. Non vai haber muíño, pero pode haber outras cousas. A favor da moción.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias e D. Iban Torres Rodríguez renuncian á segunda quenda).

Do Sr. Alcalde, que di que o que dixo Dna. Julia Rodríguez está escoitado na radio. O proxecto é da Confederación Hidrográfica, non do Concello. Di a Confederación Hidrográfica que Medio Ambiente da Xunta de Galicia informou en contra da presa. Si somos ambiciosos, temos proxecto para a zona, pero ata agora non son sensibles nin a Confederación Hidrográfica nin a Xunta de Galicia.

## **9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á ILUMINACIÓN DAS GLORIETAS DA RÚA CHANTADA E AO SEGUNDO TRAMO DA ROLDA URBANA.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse Dna. Gloria Prada Rodríguez e Dna. Pilar Espinosa Novelle).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

As glorietas da rúa Chantada, a rotonda que une os corredores , éstas sitas na estrada LU-611 así como o segundo tramo da rolda urbana atópanse na actualidade sen ningún tipo de luminaria ou nalgún caso deficiente, o cal dificulta a visibilidade tanto para os vehículos que circulan por esta vía, como para os peóns que empregan a rolda para uso de lecer. É por isto que consideramos que sería preciso a instalación dunha iluminación axeitada, esta suporía unha mellor seguridade no tocante ó tráfico de vehículos e tamén á dos viandantes. Por outra banda , tamén entendemos que a nivel estético sería un gran acerto, xa que esta actuación poría en valor o que entendemos que é unha das principais entradas á nosa cidade.

Porén, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

### **ACORDO**

Instar ó goberno municipal a que faga as xestións oportunas e se dirixa á Administración competente, para que ésta dote de instalación lumínica as citadas vías.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción. Explica que é darlle voz a moitos veciños que transitan por estas vías e fai algunha outra explicación adicional.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, representante substituta das/do non adscritas/o, que anuncia o voto a favor. Dicir que o goberno anterior xa solicitara a iluminación da ronda. A visibilidade é difícil nas rotondas da rúa Chantada.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que tamén está a favor. Compara a rotonda que une os dous corredores coa de entrada a Lalín, nesta estase vendendo algo. Somos a capitalidade da Ribeira Sacra e debería ser notado.



De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di sobre o punto anterior que o informe de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, se non hai proxecto, non pode ser máis que de derrubamento. Dixen o que estou dicindo agora, o proxecto non existiu, porque vostede –Alcalde– esperabao da Confederación Hidrográfica. Sobre esta moción, coincidimos en que a iluminación da cidade é mellorable, hai que ser máis ambiciosos que botar asfalto. Estamos en se é urbano e de quen é a competencia. O Concello debe buscar fórmulas para isto. Imos apoiar esta iniciativa, hai competencias interadministrativas e hai que buscar solucións.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que coinciden coa exposición de motivos. De acordo con iluminar as glorietas e o segundo tramo da ronda. Dende o equipo de goberno transmitiremos á Xunta de Galicia, titular das vías, esta iniciativa. Apoiámola e trasladarémola.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que dá as grazas polo apoio unánime. Que teña forza suficiente para que se entre en razón dende a administración competente. Cun posible convenio, é un kilómetro aproximadamente, uns 40 báculos. Debemos traballar a prol dos veciños, non pasar a pelota entre administracións. Hai que desbloquealo con convenio ou acordos. Que o solucione a administración competente.

(Os demais renuncian á segunda quenda).

Do Sr. Alcalde, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que el di a verdade. Eu falei coa xefatura territorial de Medio Ambiente, non me dixo o que vostede di. Nós pedímoslle por activa e por pasiva á Confederación Hidrográfica que mantivese a presa, avalado iso por informes técnicos internos e externos. A Confederación Hidrográfica trasladoullo a Medio Ambiente. Se non se nos quere facer caso, non será por nós.

### **MOCIÓN DE URXENCIA.**

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír as seguintes mocións.

#### **A) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE DEVOLUCIÓN DO IBI DE TERREOS COA CONSIDERACIÓN DE RÚSTICOS.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. José Luis Losada Fernández e D. Iban Torres Rodríguez).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente por urxencia pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. A moción di o seguinte:

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

A resultas da Sentencia do TS de 30.5.2014, modificouse o artigo 7 do TR da Lei do Catastro Inmobiliario, en xuño de 2015, de maneira que se entende por solo de natureza urbana, entre outros, os terreos que teñan a consideración de urbanizables ou aqueles para os que os instrumentos de ordenación

territorial e urbanística aprobados prevexan ou permitan o seu paso á situación de solo urbanizado, sempre que se inclúan en sectores ou ámbitos espaciais delimitados e se establezan para eles as determinacións de ordenación detallada ou pormenorizada, de acordo coa lexislación urbanística aplicable.

A nova regulación, establece tamén regras para a valoración dos inmobles que sexan clasificados como rústicos, por non contar con determinacións de ordenación detallada ou pormenorizada. Tamén se sinala a partir de cando serían de aplicación os novos criterios de valoración, o procedemento a seguir e que os Concellos deberán subministrar á Dirección Xeral do Catastro información sobre os solos que se atopen afectados.

O 20.10.2016 publicouse na Sede Electrónica do Catastro Inmobiliario o acordo e inicio de procedemento simplificado de valoración dos solos urbanizables afectados pola disposición transitorio sétima, sitios no municipio de Monforte de Lemos, sendo valorados como rústicos. Dito procedemento ten efectos tributarios dende o 1 de xaneiro de 2016.

Así as cousas, hai moitos inmobles en Monforte, que teñen cambiado a súa clasificación, de urbán a rústico, e por tanto a súa valoración catastral; como consecuencia, a cuantía que teñen que soportar os seus propietarios, polo Imposto de Bens Inmobles, dende o 1.1.2016, é moi inferior.

Este cambio, nembargantes, non foi aplicado na anualidade 2016, de maneira que os propietarios dos terreos afectados teñen dereito á devolución da cantidade indebidamente abonada nesa anualidade.

O Concello ten relación dos inmobles afectados; de feito, tenlla remitido ao Catastro. A devolución non se produce de oficio polos Concellos, senón que ten que ser a iniciativa dos contribuintes afectados, pero é evidente que os contribuintes afectados descoñecen, na maior parte dos casos, que teñen dereito a esta devolución.

Por outra parte, o tempo pasa e é moi importante reclamar antes de que se produza a prescrición.

O Concello non ten feito nada para informar aos propietarios afectados desta posibilidade.

Por tal motivo o Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Monforte, eleva ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Instar ao equipo de goberno:

- A informar aos afectados, do dereito que lles asiste para reclamar a devolución do IBI indebidamente cobrado no exercicio 2016, como consecuencia do cambio de clasificación dos inmobles de urbán a rústico.
- A recoller na memoria dos orzamentos a contía indebidamente recadada e a posibilidade de ter que afrontar a súa devolución.
- A habilitar mecanismos áxiles para proceder á devolución, evitando a conflictividade neste ámbito.”

Tralas intervencións regulamentarias, o Pleno, por cinco votos a favor (Grupo do PP), seis votos en contra (Grupo Socialista) e cinco abstencións (Grupos do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), adopta o seguinte

#### ACORDO

Non aprobar a moción do Grupo municipal do PP sobre devolución do IBI de terreos coa consideración de rústicos.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que volve sobre o que se dixo ou non se dixo. Fala do parque acuático de Cerceda, o que tamén tiña que ser un proxecto en Monforte. Vostede –Alcalde– non presentou proxecto, non diga o que non dicimos os demais. Indo á iniciativa, temos pedido a rebaixa do IBI, o que non reduciría a recadación polo incremento do valor catastral. Agora traemos outra cuestión. Le o primeiro parágrafo da moción e explica. Explica o pago a maiores en 2016, que algunha xente non o sabe e o Concello si, que lles informe o Concello. Non fomos capaces de rebaixar o IBI, e por riba non estamos devolvendo aquilo ao que se ten dereito. Esperamos contar co apoio dos demais grupos.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que isto ten que ver con bens urbanizables que pasaron á consideración de rústicos. Nos orzamentos xa se viu a mingua de recadación por isto. O padrón do IBI sae do Catastro. Se en 2016, o Concello pasou a cobro recibos como urbanos, é porque así llo mandou o Catastro. Cando se di que en 2016 non tivo efectos no IBI, é porque o Catastro non o reflectiu. É ao revés de como di a moción, non vai a listaxe do Concello ao Catastro, senón do Catastro ao Concello. Creo que quen ten que informar é o Catastro. Con ese preámbulo, encadéase o que se pide na moción con aparencia de rigoroso. Pero quen ten que comunicar e informar é o Catastro, con iso o veciño ten que vir ao Concello. Xa pasan de cen os veciños que viñeron reclamar. O punto 3 di “evitando a conflitividade”, que conflitividade hai? non se está devolvendo? conflitividade social?

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que quere intervir na segunda quenda.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di coincidir coa valoración da non adscrita. Na segunda quenda direi o voto.

De Dna. Gloria Prada Rodríguez, portavoz suplente do Grupo Socialista, que di que a primeira parte da exposición de motivos é máis ou menos correcta. Recolle a sentenza e o acordo con efectos tributarios dende 1 de xaneiro de 2016. No demais, debería retirar a moción. A finais de 2016, nos orzamentos para 2017, xa se contemplou a devolución a facerlle fronte. A Dirección Xeral do Catastro enviou carta a cada afectado e como podían solicitar o aboado como urbano. É o Catastro quen debe facelo e informou. O Concello deulle publicidade sen estar obrigado a facelo. Non prescribe ata 2020, non hai tantas présas. Sobre os puntos do acordo: o primeiro, están informados; o segundo, dotouse no orzamento de 2017; o terceiro, as devolucións pedidas están dadas, sen conflitividade. Solicítárono 169 propietarios e devolveuse, por un total de 17.935,17 €. A iniciativa carece de fundamento. Pode que algún propietario llo trasladase sen coñecer o mecanismo ou sen que fose posible notificalo. A



calificación urbanística é a mesma, cambia a fiscal. Todo o que se pide, xa está feito. Subscribimos o dito pola Sra. Buján.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que le o que é de aplicación e que “a tales efectos os Concellos deberán subministrar á Dirección Xeral do Catastro información sobre os solos que se atopen afectados”. Repite a lectura. É copia literal da Resolución do Concello sobre a devolución. Copio literalmente da normativa e do que poñen os técnicos municipais. Moitos non saben que pagaron de forma excesiva. Non todos están informados, pese ao dito. Moito gasta o Alcalde en publicidade, con máis motivo débese gastar en informar disto. Non é unha cantidade menor. Mantemos a iniciativa.

De Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, que pregunta quen fixo os recibos da contribución en 2017. Supoño que están ben en 2017 e 2018. Pero en 2016, non se corrixira porque o Catastro non o fixera. Vostede dio ao revés, que o Concello mandou a listaxe de afectados. Está pedindo algo inusual, non o facía Montoro no Estado, non sei se o fará Montero. Unha carta a cada veciño non o vexo. Anuncio do Concello, pode ser, pero a carta correspóndelle ao Catastro.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que sempre é partidaria de que se informe. O Grupo de goberno di que foi anunciado e que aos solicitantes se lles devolveu. Pero se hai persoas que non se decataron, non sobra un novo anuncio público. Descoñezo a cantidade dos que poden estar afectados. Sei de alguén que fixo a reclamación, dou por feito que se atendeu. Voume abster.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que di que a información pódese facer por moitas canles, tamén na páxina web. Que debe facelo o Catastro, tamén. Visto o debate habido, que as devolucions están funiconando, anunciamos a abstención. Poden ser danos colaterais de non ter un PXOM.

De Dna. Gloria Prada Rodríguez, que volve insistir en que non é o Concello o obrigado, é o Catastro e así o fixo. Pola nosa parte, temos cumprido, temos atendido e resolto as devolucions pedidas. Anuncio o voto en contra, non imos apoiar a mocion, xa o estamos facendo.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que esta mocion pide o que pide, veciños que pagan de máis, que teñan información do seu dereito á devolución. Cando un veciño debe algo, é notificado. Recordo cartas de cando gobernaban vostedes –dille á Sra. Vega- con menos motivo. Como se fixo a estimación da cantidade a devolver? Saben ou non saben o que foi modificado? Seguramente teremos algo parecido co Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Por que non unha carta para isto, se o facemos para cobrar? Non todos teñen capacidade para ver a páxina web do Catastro. Quen o sabe non é polo Concello. Non se trata de obrigas, só faltaría non cumprir coa legalidade, dean un paso máis e informen.

Do Sr. Alcalde, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que faga proporcionalidade publicitaria do Concello coa Xunta, e gana esta por goleada. Fala de fotos, vostede que non é Xunta fai fotos como se o fose. O informe era de Medio Ambiente á Confederación Hidrográfica, que rescatou a concesión da auga da familia que a tiña. Que fagamos o parque acuático: 17 anos despois e non puxeran a primeira pedra, é broma de mal gusto vir agora con iso. Ten que informarse mellor e ser máis rigorosa.

**B) MOCIÓN PARA PUBLICAR NA WEB MUNICIPAL O CURRÍCULUM ACADÉMICO E PROFESIONAL, ASÍ COMO OS INGRESOS PERCIBIDOS POLO CONCELLO DE MONFORTE DE TODOS OS CONCELLEIROS/-AS.**

En base á moción presentada e cun engadido tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“Nas últimas semanas estamos asistindo a unhas situacións bochornosas por parte dalgúns membros dalgúns grupos políticos nas que se teñen publicado títulos e estudos que parece que non se corresponden coa realidade de cada persoa.

A ética e a transparencia cobran unha relevancia esencial cando se está a desempeñar un cargo público. Precisamente, a falta destas calidades, provoca o rexeitamento e a desafección por grande parte da cidadanía que asiste perplexa a condutas moi pouco exemplarizantes de determinados representantes políticos.

Como exemplo paradigmático de desafección e crítica ante estas actitudes reprobables, foi o rexeitamento da medalla de ouro da Comunidade de Madrid por parte do filósofo Emilio Lledó, gran defensor do diálogo e da ética na vida pública.

O pasado mes de maio trouxemos a este pleno un rogo no que lle solicitabamos ao Sr. Alcalde que fixese público, a través da web municipal, o currículo académico e profesional de todos nós, así como os ingresos que percibimos polas nosas funcións municipais. Naquel momento o Sr. Alcalde insinuou que non podía facelo por non saber a opinión de todos os concelleiros, por este motivo e para facilitar que o resto da corporación manifeste o seu parecer a este respecto,

O Pleno da Corporación Municipal, por dez votos a favor (Concelleiras/o non adscritas e Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte) e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

**ACORDO**

Que o equipo de goberno publique na páxina web municipal o currículo académico e profesional, con consentimento do/a afectado/a, así como os ingresos percibidos polo concello de todas/os e cada un das/os concelleiras/os que compoñemos a Corporación Municipal monfortina.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Alicia Cadarso Palau, representante substituta das/do non adscritas/o, que di que vén a moción polo dito polo Sr. Alcalde a un rogo do Pleno anterior. Os bens decláranse ao inicio do mandato. Está de moda modificar o currículo. Co fin dunha maior transparencia, publicar o currículo e o que percibimos do Concello.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que vai votar a favor. Ningún inconveniente en dicir a miña profesión, o meu título e o que percibo do Concello. É bo que se saiba quen ten soldo e quen percibimos asistencia. Gustaríame saber se se refire ao concelleiro ou

tamén ao grupo municipal. No seu día, quixen as asistencias para o grupo, pero a Interventora díxome que tiñan que ir á miña conta.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que non teñen ningún problema en apoiar esta moción, teñen percepcións de 50 euros por sesión, en bruto. Dille ao Alcalde que el non sabe o que gasta a Xunta en publicidade e di o que dixo. Non está a cumprir coa lei de transparencia. Fotos eu como da Xunta? As fotos son en condición de parlamentaria e actuando en favor dos veciños. O do parque acuático díxeno no sentido dun proxecto. Como o de Cerceda, con 50 persoas contratadas e 160.000 visitantes. Nós dous anos, vostede tres como Alcalde; nin cando gobernou como Tenente de Alcalde en 2003 nin agora, ten vontade algunha. De acordo coa moción, ningún inconveniente nos títulos e no que cobramos. Dille a Dna. Maribel García, sobre o que cobran os grupos, que necesitamos medios, porque se non, a vida política sería para os que teñen cartos; todos temos dereito a estar aquí, as asignacións aos grupos son necesarias. (Dille o Sr. Alcalde que está a facer o que non lle deixarían facer no Parlamento, intervir sen cinguirse á cuestión).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que lle di á anterior interveniente que no de Aqualia coincidimos máis do que pensamos. A contía económica percibida, ningún problema en poñela. O currículo, se o consente o propio concelleiro. Os títulos deben ser correctos; cada un se quere, e que sexa real.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que o equipo de goberno está comprometido coa transparencia. Lévaos practicado dende 2015. O rogo do Pleno pasado, sobre ingresos creo que non dicía nada. O Alcalde dixo que o currículo non era obrigatorio, publicaríase daquel que o solicitase. Farase se alguén o solicita. O que se percibe do Concello é público e nas actas da Xunta de Goberno están as cantidades que se perciben. O currículo non é obrigado, pero si se publicará de quen así o manifeste.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, que di que no currículo non vai por que haxa estudos superiores. Digo profesión e por suposto de xeito voluntario. Tráese para ver a opinión dos membros da Corporación. O que se poña, cotexado polo Sr. Secretario.

(Non interveñen Dna. Maribel García Díaz e Dna. Julia Rodríguez Barreira).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que pregunta se na moción se engade “con consentimento do afectado”. (Dna. Alicia Cadarso di que é dese modo). (Para votar, engadirase o do consentimento).

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que non é obrigatorio. A publicidade, se se desexa. Abstémonos.

De Dna. Alicia Cadarso Palau, que di que canto máis ensinemos o noso perfil profesional, máis faremos en favor da transparencia.

Do Sr. Alcalde, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que fala dos veciños como se fosen todos. O proxecto do parque acuático, gustaríame que mo trouxese. De compromiso na oferta a proxecto, vai o

seu. Había que cumprilo entre 2001 e 2003. Eu entrei en 2003. Ten que explicar por que vota en contra de reclamar máis de tres millóns de euros á empresa. Votou en contra diso.

## PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

### 10. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 05.06.2018 e de 07.06.2018) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

### 11. ROGOS E PREGUNTAS.

(No primeiro rogo, auséntase e reincorpórase D. Manuel Jesús López Sánchez).

**1º.- ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVO Ó ARRANXO DO PARQUE INFANTIL LÓPEZ SUÁREZ.** Rexistrado de entrada o 21 de xuño de 2018. Formúlao o portavoz de Grupo, D. Emilio José Sánchez Iglesias, quen engade que no céspede fíxose algo dende que se presentou a moción e que o que se solicita faise extensivo aos demais parques da cidade. Achega fotografías coa moción.

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Debido ás condicións de deterioro e falta de mantemento que presenta o parque infantil López Suárez; farolas estragadas, rotura no peche de madeira e nos bancos, estado da fonte, así como o aspecto do céspede, e tendo en conta o perigo que isto supón para os usuarios, presentamos a seguinte

#### SOLICITUDE:

- acondicionamento do céspede
- restauración ou substitución dos bancos
- arranxo no peche de madeira
- substitución de farolas
- dotación dalgún novo elemento de xogo”

#### **Resposta do Sr. Alcalde:**

O contrato de mantemento dos parques e xardíns remata en xullo. O novo prego inclúe os xogos adaptados. No Parque López Suárez está previsto facer melloras na zona de céspede, no rego automático e no arborado. Na zona de xogo, haberá un cambio de valado. Tamén se actuará nos viais e na iluminación.

**2º.- ROGO DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O SOBRE AS CONCENTRACIÓNS DE VEHÍCULOS QUE SE ESTÁN PRODUCINDO NO ESTACIONAMENTO DO PARQUE DOS CONDES DURANTE AS FINS DE SEMANA.** Rexistrado de entrada o 22 de xuño de 2018. Formúlao Dna. Alicia Cadarso Palau.

“Segundo nos informan algúns veciños nas últimas fins de semana, durante as noites dos venres e sábados, se están levando a cabo concentracións de vehículos na explanada do Parque dos Condes para efectuar carreiras de coches, trompos, etc. co conseguinte risco para os propios mozos e condutores e a veciñanza que nos achegamos pola zona a recoller os vehículos estacionados.

Por este motivo presentamos o seguinte rogo:

**Que se vixie a zona do estacionamento do Parque dos Condes e se tomen as medidas oportunas para erradicar estas perigosas prácticas.”**

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Deuse traslado á Policía Local para actuar ante isto.

**3º.- ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN RELACIÓN AO CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DE RUIDOS E DE CARGA E DESCARGA NO ENTORNO DA RUA MANUEL MARIA.** Rexistrado de entrada o 23 de xuño de 2018. Formúlao a portavoz de Grupo, Dna. Julia Rodríguez Barreira.

“Os veciños da rua Manuel María nos teñen trasladado que levan meses sufrindo molestias provocadas polo ruído que producen os camións no proceso de descarga de existencias para os supermercados LIDL e GADIS que existen na citada rua.

O proceso de descarga vense producindo a partir das 6 da mañá, o que impide que os veciños poidan disfrutar do necesario descanso.

A ordenanza municipal de tráfico, no seu art. 55, h) sinala: *Para a realización dos labores de carga e descarga adoptaranse as precaucións necesarias para evitar ruidos e calquera outra molestia para os usuarios da vía pública e dos veciños residentes nos inmobles próximos.*

*O art. 65 pola súa parte, sinala: “Aprovisionamento de superficies comerciais e almacéns 1. A carga e descarga de vehículos que teña por finalidade o aprovisionamento de áreas comerciais, almacéns, empresas ou grandes superficies, as cales sexan destinatarias ou orixe da totalidade ou dunha fracción importante da carga, permitirase na vía pública unicamente cando non exista outro espazo dispoñible. Non está suxeita ao cumprimento de limitacións de peso para os vehículos nin dos horarios establecidos con carácter xeral para carga e descarga, sempre que se efectúe entre as 08:00 e as 22:00 horas, salvo*

*autorización expresa. Para os efectos de tráfico e circulación de vehículos respectarán as normas xerais de circulación e as limitacións ou prohibicións que poidan afectar á vía pola que pretendan circular, parar ou estacionar, non podendo entorpecer a súa utilización normal polos demais usuarios”*

Son moitas as ocasións en que os veciños teñen solicitado ao Concello que tome medidas a este respecto sin que nada se teña feito.

Polo exposto, RÓGASE, que se faga cumprir a ordenanza de tráfico ás grandes superficies existentes no entorno da rua Manuel María, advertindo as mesmas de que o horario no que poden proceder á carga e descarga de mercadorías, habrá de estar entre as 8:00 e as 22 horas, observando en todo caso as limitacións establecidas en relación á produción de ruidos na vía pública recollidas na ordenanza correspondente, e incoando os expedientes sancionadores que correspondan no caso de seguir incumprindo a normativa reguladora”.

#### **Resposta do Sr. Alcalde:**

A Ordenanza foi elaborada por este equipo de goberno, temos pois a vontade de cumprilo. Trasladaremos o rogo á Policía Local.

**4º.- PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O SERVIZO ELÉCTRICO MUNICIPAL.** Rexistrada de entrada o 22 de xuño de 2018. Formúlaa a portavoz de Grupo, Dna. Julia Rodríguez Barreira.

“-Na Xunta de Goberno de 14.5.2018, no apartado de persoal constan unhas aclaracións nas que di textualmente: *“Dáse conta do escrito de D. Carlos Álvarez Arias, traballador do Concello, comunicando diversas situacións relacionadas co seu traballo na área dos servizos municipais e coa responsabilidade que a el lle poden supoñer. Di que non ten obtido resposta dos seus superiores. A ese respecto, a Técnica municipal de Servizos informa que non é así, que lle ten dito que no caso de actuacións con empresas contratadas, a responsabilidade é da contrata e dos órganos municipais que deciden actuar mediante medio externos, e que no caso de actuacións con medios propios municipais, é á Técnica a quen lle corresponde a responsabilidade cando ela dispón a actuación. Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte ACORDO: Procede contestar a D. Carlos Álvarez Arias que debe seguir o conduto regulamentario para as súas queixas, dirixíndose en primeira instancia á Técnica municipal de Servizos, tendo dese modo salvada a súa responsabilidade”.*

Este grupo, ten coñecemento das múltiples irregularidades que afectan as instalacións eléctricas municipais, que teñen sido elevadas a pleno en forma de moción en varias ocasións. A resultados do escrito e o acordado na xunta referida, tense contactado co Sr. Álvarez, Capataz do Servizo Eléctrico, a fin de clarificar cales son as situacións que menciona.

Do que se nos da conta é da existencia sobre o terreo de múltiples irregularidades das que o capataz ten dado conta sin resposta por parte do equipo de goberno. Así, locais e instalacións municipais conectados irregularmente á rede de alumeadado público, instalacións eléctricas convivindo con instalacións de rego, sin o necesario illamento, cables colgando sin que se faga nada para correxilos, instalacións eléctricas temporais sin as necesarias medidas de seguridade, contratación de empresas para efectuar obras sin comunicación ao capataz para a necesaria supervisión e control sobre o terreo, contratación de obras a empresas externas que poden ser efectuadas polo servizo eléctrico municipal etc.

Este grupo municipal, xa ten advertido e proposto iniciativas en relación a estas incidencias no servizo eléctrico.

**COMPETENCIAS.-** Agora tamén sabemos, a resultados da resposta da Técnica, que non está clara a cuestión das competencias. Dacordo co antes sinalado, da a impresión que existe unha desconexión

entre a actuación das empresas externas, a técnica e a figura do capataz, que é a quen lle corresponde sobre o terreo reparar e manter todos os sistemas eléctricos de iluminación pública e edificios.

O último borrador da RPT solicitado por este Concello, contemplaba entre as funcións do capataz de mantemento eléctrico, as seguintes:

- “-reparar e manter todos os sistemas eléctricos: iluminación pública e edificios*
- propoñer melloras para a optimización e redución de custos*
- supervisar e apoiar no traballo de empresas subcontratadas se fose necesario*
- programar o seu traballo e o dos auxiliares segundo a planificación e necesidades do servizo*
- controlar os consumos de cadros*
- axudar nas tarefas que precisen a utilización de elevador*
- manexar os equipamentos e vehículos do servizo”*

É sabido que o Alcalde tense negado a elaborar e someter a aprobación a correspondente RPT do Concello. Nembargantes, parece que a indefinición de funcións no servizo eléctrico, está repercutindo no mesmo, ata o punto de que se sinala expresamente que a responsabilidade corresponde as empresas externas no marco da súa actuación, e á técnica, cando ela dispón a actuación. Así as cousas, non queda claro cal é o marco de competencias do capataz do servizo eléctrico. Si solo pode facer o que lle indique a técnica, como pode manter as instalacións, sin ter, como di, nalgúns casos, coñecemento das actuacións das empresas externas etc.

**SEGURIDADE.-** As incidencias chegan ao punto de ter visto operarios subidos en escadas cambiando farolas sen EPIS nin protección de ningún tipo, ou mesmo a dispoñer dun elevador que non está homologado para subir persoas.

Ante este acúmulo de incidencias que van mais aló das que xa este grupo ten dado conta en sucesivas mocións, fórmulanse as seguintes preguntas:

- Cales son as competencias do capataz do servizo eléctrico e onde aparecen recollidas?
- Cómo explica que se leven a cabo actuacións nas instalacións eléctricas municipais, por parte de empresas externas sen coñecemento do capataz de servizos eléctricos?
- Cómo explica que o capataz esté informando dende fai tempo de actuacións que poden repercutir negativamente no consumo ou na seguridade das instalacións, e non se estén atendendo as súas recomendacións?
- Quen é o responsable de que os operarios municipais dispoñan dos EPIS necesarios para o desenvolvemento da súa actividade?

-Cómo explica que o servizo eléctrico, que require en moitos casos de actuacións en altura, non dispoña de un vehículo con elevador debidamente homologado para cargar persoas?

**Resposta do Sr. Alcalde:**

Sobre a última pregunta, o vehículo xa estaba aquí cando chegamos nós, este ano está previsto un novo vehículo mediante leasing. A esa persoa contestásele como a todas. É certo que non toca a RPT neste mandato. Vén con competencias dunha RPT que non existe. Isto é como se tivese que depender de Victoriano para facer obras. Dígolle que a praza convocada non era de capataz electricista e o contrato de 6 de febreiro de 2007 di que é capataz de mantemento, non capataz electricista, non cambie a categoría. O contrato está claro. RPT non a houbo. Este señor podería estar noutro servizo.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinte e tres horas e corenta e oitos minutos do seguinte día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.  
O Alcalde,

